

Disposición transitoria única. *Prórroga de comercialización.*

Os produtos alimenticios ós que se refire o presente real decreto que non se axusten ó nel establecido, pero que cumpran o disposto na normativa vixente con anterioridade á data da súa entrada en vigor, poderán ser comercializados ata o 30 de xuño de 2002.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O disposto no presente real decreto dítase ó abeiro do establecido nos artigos 149.1.16.^a da Constitución e en virtude do disposto no artigo 40.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 31 de xullo de 2000.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno
e ministro da Presidencia,
MARIANO RAJOY BREY

XEFATURA DO ESTADO

14917 *CORRECCIÓN de erratas do Real decreto lei 2/2000, do 23 de xuño, polo que se modifica a Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, e outras normas tributarias.* («BOE» 187, do 5-8-2000.)

Advertidas erratas no texto do Real decreto lei 2/2000, do 23 de xuño, polo que se modifica a Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, e outras normas tributarias, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número oito, do 22 de xullo de 2000, procédese a efectua-las oportunas modificacións:

Na páxina 525, segunda columna, artigo 33, número 4, segunda liña, onde di: «... Canaria está vinculado...», debe dicir: «... Canaria estará vinculado...». E na cuarta liña, onde di: «... laboral. A súa elección,...», debe dicir: «... laboral. A súa selección...».

Na páxina 528, segunda columna, artigo 43, número 2, parágrafo b), sexta liña do cadro, onde di: «Menos dun 2,5 por 100...», debe dicir: «Menos dun 25 por 100...».

Na páxina 530, segunda columna, artigo 47, última liña, onde di: «... Zona Especial Canaria.», debe dicir: «... Zona Especial Canaria.».

Na páxina 532, segunda columna, artigo 67, número 3, última liña, onde di: «... fose declarada por...», debe dicir: «... fose declarado por...».

Na páxina 534, segunda columna, anexo, sétima liña, onde di: «... 17.4, 17.5 17.6,...», debe dicir: «... 17.4, 17.5, 17.6...».

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

15060 *REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.* («BOE» 189, do 8-8-2000.)

A sentenza do Tribunal Constitucional 195/1996, do 28 de novembro, establece que corresponde ó lexislador estatal a tarefa de reelabora-la Lei 8/1988, do 7 de abril, sobre infraccións e sancións na orde social, en prol do respecto e clarexamento da orde constitucional de competencias e en beneficio da seguranza xurídica, imprescindibles en materia sancionadora.

O lexislador, a través da disposición adicional primeira da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, autoriza o Goberno para elaborar, no prazo de nove meses desde a súa entrada en vigor, un texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, no cal se integren, debidamente regularizadas, clarexadas e sistematizadas, as distintas disposicións legais que enumera.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de agosto de 2000,

DISPONGO:

Artigo único.

Apróbase o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, que se insire a seguir.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lexislativo e o texto refundido que aproba entrarán en vigor o día 1 de xaneiro de 2001.

Dado en Palma de Mallorca o 4 de agosto de 2000.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,
JUAN CARLOS APARICIO PÉREZ

TEXTO REFUNDIDO DA LEI SOBRE INFRACCIÓNS E SANCIÓN NA ORDE SOCIAL

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Infraccións na orde social.*

1. Constitúen infraccións administrativas na orde social as accións ou omisións dos distintos suxeitos responsables tipificadas e sancionadas na presente lei e nas leis da orde social.

2. As infraccións non poderán ser obxecto de sanción sen instrucción previa do oportuno expediente, de conformidade co procedemento administrativo especial nesta materia, por proposta da Inspección de Traballo e Seguridade Social, sen prexuízo das responsabilidades doutra orde que poidan concorrer.

3. As infraccións cualifícanse como leves, graves e moi graves en atención á natureza do deber infrinxido

e á entidade do dereito afectado, de conformidade co establecido na presente lei.

Artigo 2. *Suxeitos responsables da infracción.*

Son suxeitos responsables da infracción as persoas físicas ou xurídicas e as comunidades de bens que incorran nas accións ou omisións tipificadas como infracción nesta lei e, en particular, as seguintes:

1. O empresario na relación laboral.
2. Os empresarios, traballadores por conta propia ou allea ou asimilados, perceptores e solicitantes das prestacións de seguridade social, as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais e demais entidades colaboradoras na xestión, no ámbito da relación xurídica de seguridade social, así como as entidades ou empresas responsables da xestión de prestacións canto ás súas obrigas en relación co Rexistro de Prestacións Sociais Públicas e demais suxeitos obrigados a facilitar información de transcendencia recadatoria en materia de seguridade social.
3. Os empresarios, os traballadores e, en xeral, as persoas físicas ou xurídicas, respecto da normativa de colocación, fomento do emprego e de formación profesional ocupacional e continua.
4. Os transportistas, axentes, consignatarios, representantes, traballadores e, en xeral, as persoas físicas ou xurídicas que interveñan en operacións de emigración ou movementos migratorios.
5. Os empresarios e traballadores por conta propia respecto da normativa sobre traballo de estranxeiros.
6. As cooperativas con respecto ós seus socios traballadores e socios de traballo, conforme a Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas.
7. As axencias de colocación, as empresas de traballo temporal e as empresas usuarias respecto das obrigas que se establecen na súa lexislación específica e na de prevención de riscos laborais, sen prexuízo do establecido noutros números deste artigo.
8. Os promotores, os propietarios de obra e os traballadores por conta propia que incumpran as obrigas que derivan da normativa sobre prevención de riscos laborais.
9. As entidades especializadas que actúen como servicios de prevención alleos ás empresas, as persoas ou entidades que desenvolvan a actividade de auditoría do sistema de prevención das empresas e as entidades acreditadas para desenvolveren e certificaren a formación en materia de prevención de riscos laborais que incumpran as obrigas establecidas na normativa sobre esta materia.
10. As persoas físicas ou xurídicas e as comunidades de bens titulares dos centros de traballo e empresas de dimensión comunitaria situadas en territorio español, respecto dos dereitos de información e consulta dos traballadores nos termos establecidos na súa lexislación específica.
11. Os empresarios incluídos no ámbito de aplicación da normativa legal que regula o desprazamento de traballadores no marco dunha prestación de servicios transnacional, respecto das condicións de traballo que deben garantir ós ditos traballadores desprazados temporalmente a España.

Artigo 3. *Concurrencia coa orde xurisdiccional penal.*

1. Non se poderán sanciona-los feitos que fosen sancionados penal ou administrativamente, nos casos en que se aprecie identidade de suxeito, de feito e de fundamento.

2. Nos supostos en que as infraccións puidesen ser constitutivas de ilícito penal, a Administración pasará o tanto de culpa ó órgano xudicial competente ou ó Ministerio Fiscal e absterase de continua-lo procedemento sancionador mentres a autoridade xudicial non dicte sentenza firme ou resolución que poña fin ó procedemento ou mentres o Ministerio Fiscal non comunique a improcedencia de iniciar ou proseguir actuacións.

3. De non terse estimado a existencia de ilícito penal, ou no caso de terse dictado resolución doutro tipo que poña fin ó procedemento penal, a Administración continuará o expediente sancionador con base nos feitos que os tribunais considerasen probados.

4. A comunicación do tanto de culpa ó órgano xudicial ou ó Ministerio Fiscal ou o inicio de actuacións por parte destes, non afectará o inmediato cumprimento das medidas de paralización de traballos adoptadas nos casos de risco grave e inminente para a seguranza ou saúde do traballador, a efectividade dos requirimentos de corrección formulados, nin os expedientes sancionadores sen conexión directa cos que sexan obxecto das eventuais actuacións xurisdiccionais da orde penal.

Artigo 4. *Prescrición das infraccións.*

1. As infraccións na orde social a que se refire a presente lei prescriben ós tres anos contados desde a data da infracción, salvo o disposto nos números seguintes.

2. As infraccións en materia de seguridade social prescribirán ós cinco anos, excepto as cometidas por traballadores e beneficiarios que supoñan o reintegro de prestacións de seguridade social indebidamente percibidas, en que o prazo de prescrición será de catro anos.

3. En materia de prevención de riscos laborais, as infraccións prescribirán: ó ano as leves, ós tres anos as graves e ós cinco anos as moi graves, contados desde a data da infracción.

4. As infraccións da lexislación de sociedades cooperativas prescribirán: as leves, ós tres meses; as graves, ós seis meses; e as moi graves, ó ano, contados desde a data da infracción.

CAPÍTULO II

Infraccións laborais

Artigo 5. *Concepto.*

1. Son infraccións laborais as accións ou omisións dos empresarios contrarias ás normas legais, regulamentarias e cláusulas normativas dos convenios colectivos en materia de relacións laborais, tanto individuais como colectivas, de colocación, emprego, formación profesional ocupacional e de traballo temporal, tipificadas e sancionadas de conformidade coa presente lei. Así mesmo, terán a dita consideración as demais accións ou omisións dos suxeitos responsables e nas materias que se regulan no presente capítulo.

2. Son infraccións laborais en materia de prevención de riscos laborais as accións ou omisións dos empresarios, as das entidades que actúen como servicios de prevención alleos ás empresas, das auditoras e das formativas na dita materia e alleas ás empresas, así como as dos promotores e propietarios de obra e os traballadores por conta propia, que incumpran as normas legais, regulamentarias e cláusulas normativas dos convenios colectivos en materia de seguridade e saúde laboral suxeitas a responsabilidade conforme a presente lei.

SECCIÓN 1.^a INFRACCIÓN EN MATERIA DE RELACIONES LABORAIS*Subsección 1.^a Infraccións en materia de relacións laborais individuais e colectivas**Artigo 6. Infraccións leves.*

Son infraccións leves:

1. Non expor en lugar visible do centro de traballo o calendario laboral vixente.
2. Non entregar puntualmente ó traballador o recibo de salarios ou non utiliza-lo modelo de recibo de salarios aplicable, oficial ou pactado.
3. Non pór á disposición dos traballadores a domicilio o documento de control da actividade laboral que realicen.
4. Non informar por escrito o traballador sobre os elementos esenciais do contrato e as principais condicións de execución da prestación laboral, nos termos e prazos establecidos regulamentariamente.
5. Calquera outro incumprimento que afecte obrigas meramente formais ou documentais.

Artigo 7. Infraccións graves.

Son infraccións graves:

1. Non formalizar por escrito o contrato de traballo cando este requisito sexa esixible ou cando o solicítase o traballador.
2. A transgresión da normativa sobre modalidades contractuais, contratos de duración determinada e temporais, mediante a súa utilización en fraude de lei ou respecto a persoas, finalidades, supostos e límites temporais distintos dos previstos legal ou regulamentariamente, ou mediante convenio colectivo cando estes asuntos poidan ser determinados pola negociación colectiva.
3. Non consignar no recibo de salarios as cantidades realmente aboadas ó traballador.
4. O incumprimento das obrigas establecidas en materia de tramitación dos recibos de liquidación.
5. A transgresión das normas e os límites legais ou pactados en materia de xornada, traballo nocturno, horas extraordinarias, descansos, vacacións, permisos e, en xeral, o tempo de traballo a que se refiren os artigos 23 e do 34 ó 38 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.
6. A modificación das condicións substanciais de traballo imposta unilateralmente polo empresario, segundo o establecido no artigo 41 do Estatuto dos traballadores.
7. A transgresión dos dereitos de información, audiencia e consulta dos representantes dos traballadores e dos delegados sindicais, nos termos en que legal ou convencionalmente estean establecidos.
8. A transgresión dos dereitos dos representantes dos traballadores e das seccións sindicais en materia de crédito de horas retribuídas e locais adecuados para o desenvolvemento das súas actividades, así como de taboleiros de anuncios, nos termos en que legal ou convencionalmente estean establecidos.
9. A vulneración dos dereitos das seccións sindicais no que atinxe a recadación de cotas, distribución e recepción de información sindical, nos termos en que legal ou convencionalmente estean establecidos.
10. Establecer condicións de traballo inferiores ás establecidas legalmente ou por convenio colectivo, así

como os actos ou omisións que sexan contrarios ós dereitos dos traballadores recoñecidos no artigo 4 da Lei do Estatuto dos traballadores, salvo que proceda a súa cualificación como moi graves, de acordo co artigo seguinte.

Artigo 8. Infraccións moi graves.

Son infraccións moi graves:

1. A falta de pagamento e os atrasos reiterados no pagamento do salario debido.
2. A cesión de traballadores nos termos prohibidos pola lexislación vixente.
3. O peche de empresa ou o cesamento de actividades, temporal ou definitivo, efectuados sen a autorización da autoridade laboral, cando sexa preceptiva.
4. A transgresión das normas sobre traballo de menores contempladas na lexislación laboral.
5. As accións ou omisións que impidan o exercicio do dereito de reunión dos traballadores, dos seus representantes e das seccións sindicais, nos termos en que legal ou convencionalmente estean establecidos.
6. A vulneración do dereito de asistencia e acceso ós centros de traballo, nos termos establecidos polo artigo 9.1, c), da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, dos que desempeñen cargos electivos de ámbito provincial, autonómico ou estatal nas organizacións sindicais máis representativas.
7. A transgresión dos deberes materiais de colaboración que impoñan ó empresario as normas reguladoras dos procesos electorais para representantes dos traballadores.
8. A transgresión das cláusulas normativas sobre materia sindical establecidas nos convenios colectivos.
9. A negativa do empresario á reapertura do centro de traballo no prazo establecido, cando fose requirida pola autoridade laboral competente nos casos de peche patronal.
10. Os actos do empresario lesivos do dereito de folga dos traballadores consistentes na substitución dos traballadores en folga por outros non vinculados ó centro de traballo ó tempo de seu exercicio, salvo nos casos xustificadas polo ordenamento.
11. Os actos do empresario que sexan contrarios ó respecto da intimidade e consideración debida á dignidade dos traballadores.
12. As decisións unilaterais do empresario que impliquen discriminacións desfavorables por razón de idade ou cando conteñan discriminacións favorables ou adversas en materia de retribucións, xornadas, formación, promoción e demais condicións de traballo, por circunstancias de sexo, orixe, estado civil, raza, condición social, ideas relixiosas ou políticas, adhesión ou non a sindicatos e ós seus acordos, vínculos de parentesco con outros traballadores na empresa, lingua dentro do Estado español, ou por razón de diminucións físicas, psíquicas ou sensoriais.
13. O acoso sexual, cando se produza dentro do ámbito a que alcanzan as facultades de dirección empresarial, calquera que sexa o suxeito activo da mesma.
14. O incumprimento polo empresario da paralización da efectividade do traslado, nos casos de ampliación do prazo de incorporación ordenada pola autoridade laboral a que se refire o artigo 40.2 da Lei do Estatuto dos traballadores.
15. O incumprimento pola empresa da obriga de instrumenta-los compromisos por pensións co persoal da empresa nos termos establecidos na normativa reguladora dos plans e fondos de pensións.

Subsección 2.^a Infraccións en materia de dereitos de información e consulta dos traballadores nas empresas e grupos de empresas de dimensión comunitaria

Artigo 9. *Infraccións graves e moi graves.*

1. Son infraccións graves, a non ser que proceda a súa cualificación como moi graves de conformidade co disposto no número seguinte deste artigo:

a) Non facilita-la información solicitada sobre o número de traballadores para efectos de defini-la existencia dunha empresa ou grupo de empresas de dimensión comunitaria a fin de constituír un comité de empresa europeo ou de establecer un procedemento alternativo de información e consulta ós traballadores.

b) Non dar traslado á dirección central da petición de inicio das negociacións para a constitución dun comité de empresa europeo ou o establecemento dun procedemento alternativo de información e consulta.

c) A transgresión dos dereitos de reunión da comisión negociadora, do comité de empresa europeo e, se é o caso, dos representantes dos traballadores no marco dun procedemento alternativo de información e consulta, así como do seu dereito a seren asistidos por expertos á súa elección.

d) A transgresión dos dereitos da comisión negociadora, do comité de empresa europeo e, se é o caso, dos representantes dos traballadores no marco dun procedemento alternativo de información e consulta, en materia de recursos financeiros e materiais para o adecuado funcionamento e desenvolvemento das súas actividades.

e) A falta de convocatoria, en tempo e forma, das reunións, ordinarias e extraordinarias, do comité de empresa europeo coa dirección central.

f) A transgresión dos dereitos e garantías dos membros da comisión negociadora, do comité de empresa europeo e dos representantes dos traballadores no marco dun procedemento alternativo de información e consulta, nos termos establecidos legal ou convencionalmente.

2. Son infraccións moi graves:

a) As accións ou omisións que impidan o inicio e desenvolvemento da negociación para a constitución dun comité de empresa europeo ou o establecemento dun procedemento alternativo de información e consulta ós traballadores.

b) As accións ou omisións que impidan o funcionamento da comisión negociadora, do comité de empresa europeo e do procedemento alternativo de información e consulta, nos termos legal ou convencionalmente establecidos.

c) As accións ou omisións que impidan o exercicio efectivo dos dereitos de información e consulta dos representantes dos traballadores, incluído o abuso no establecemento da obriga de confidencialidade na información proporcionada ou no recurso á dispensa da obriga de comunica-las informacións de carácter secreto.

d) As decisións adoptadas en aplicación da Lei 10/1997, do 24 de abril, sobre dereitos de información e consulta dos traballadores nas empresas e grupos de empresas de dimensión comunitaria, que conteñan ou supoñan calquera tipo de discriminación, favorable ou adversa, por razón do sexo, nacionalidade, lingua, estado civil, condición social, ideas relixiosas ou políticas e adhesión ou non a un sindicato, ós seus acordos ou ó exercicio, en xeral, das actividades sindicais.

Subsección 3.^a Infraccións das obrigas relativas ás condicións de traballo dos traballadores desprazados temporalmente a España no marco dunha prestación transnacional

Artigo 10. *Infraccións.*

1. Constitúen infraccións leves os defectos formais da comunicación de desprazamento de traballadores a España no marco dunha prestación de servicios transnacional, nos termos establecidos legalmente.

2. Constitúe infracción grave a presentación da comunicación de desprazamento con posterioridade ó seu inicio.

3. Constitúe infracción moi grave a ausencia de comunicación de desprazamento, así como a falsidade ou a ocultación dos datos contidos nela.

4. Sen prexuízo do anterior, constitúe infracción administrativa non garantir ós traballadores desprazados a España, calquera que sexa a lexislación aplicable ó contrato de traballo, as condicións de traballo previstas pola lexislación laboral española nos termos definidos polo artigo 3 da Lei 45/1999, do 29 de novembro, sobre o desprazamento de traballadores no marco dunha prestación de servicios transnacional, disposicións regulamentarias para a súa aplicación, e nos convenios colectivos e laudos arbitrais aplicables no lugar e no sector ou rama da actividade de que se trate. A tipificación das ditas infraccións, a súa cualificación como leves, graves ou moi graves, as sancións e os criterios para a súa graduación, axustaranse ó disposto na presente lei.

SECCIÓN 2.^a INFRACCIÓNS EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Artigo 11. *Infraccións leves.*

Son infraccións leves:

1. A falta de limpeza do centro de traballo da cal non se derive risco para a integridade física ou saúde dos traballadores.

2. Non dar conta, en tempo e forma, á autoridade laboral competente, consonte as disposicións vixentes, dos accidentes de traballo ocorridos e das enfermidades profesionais declaradas cando teñan a cualificación de leves.

3. Non comunicar á autoridade laboral competente a apertura do centro de traballo ou o recomezo ou continuación dos traballos despois de efectuar alteracións ou ampliacións de importancia, ou consignar con inexactitude os datos que debe declarar ou consignar, sempre que non se trate de industria cualificada pola normativa vixente como perigosa, insalubre ou nociva polos elementos, procesos ou substancias que se manipulen.

4. As que supoñan incumprimentos da normativa de prevención de riscos laborais, sempre que carezan de transcendencia grave para a integridade física ou a saúde dos traballadores.

5. Calquera outra que atinxa obrigas de carácter formal ou documental esixidas na normativa de prevención de riscos laborais e que non estean tipificadas como graves ou moi graves.

Artigo 12. *Infraccións graves.*

Son infraccións graves:

1. Non levar a cabo as avaliacións de riscos e, se é o caso, as súas actualizacións e revisións, así como os controis periódicos das condicións de traballo e da actividade dos traballadores que procedan consonte a

normativa sobre prevención de riscos laborais, ou non realiza-las actividades de prevención que os resultados das avaliacións fixesen necesarias.

2. Non realiza-los recoñecementos médicos e probas de vixilancia periódica do estado de saúde dos traballadores que procedan conforme a normativa sobre prevención de riscos laborais, ou non comunica-lo seu resultado ós traballadores afectados.

3. Non dar conta en tempo e forma á autoridade laboral, conforme as disposicións vixentes, dos accidentes de traballo ocorridos e das enfermidades profesionais declaradas cando teñan a cualificación de graves, moi graves ou mortais, ou non levar a cabo unha investigación no caso de se produciren danos para a saúde dos traballadores ou de ter indicios de que as medidas preventivas son insuficientes.

4. Non rexistrar e arquivar-los datos obtidos nas avaliacións, controis, recoñecementos, investigacións ou informes a que se refiren os artigos 16, 22 e 23 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

5. Non comunicar á autoridade laboral competente a apertura do centro de traballo ou o comezo ou continuación dos traballos despois de efectuar alteracións ou ampliacións de importancia, ou consignar con inexactitude os datos que debe declarar ou consignar, sempre que se trate de industria cualificada pola normativa vixente como perigosa, insalubre ou nociva polos elementos, procesos ou substancias que se manipulen.

6. O incumprimento da obriga de efectuar a planificación da actividade preventiva que derive como necesaria da avaliación dos riscos. O incumprimento da obriga de elaborar o plan de seguridade e saúde no traballo en cada proxecto de edificación e obra pública, co alcance e na forma establecidos na normativa de prevención de riscos laborais, ben como o incumprimento da dita obriga, mediante alteracións, en fraude de lei, no volume da obra ou no número de traballadores.

7. A adscrición de traballadores a postos de traballo cunhas condicións incompatibles coas súas características persoais ou de quen se encontre manifestamente en estados ou situacións transitorias que non respondan ás esixencias psicofísicas dos respectivos postos de traballo, así como a dedicación daqueles á realización de tarefas sen tomar en consideración as súas capacidades profesionais en materia de seguridade e saúde no traballo, salvo que se trate de infracción moi grave conforme o artigo seguinte.

8. O incumprimento das obrigas en materia de formación e información suficiente e adecuada ós traballadores acerca dos riscos do posto de traballo susceptibles de provocaren danos para a seguridade e saúde e sobre as medidas preventivas aplicables, salvo que se trate de infracción moi grave conforme o artigo seguinte.

9. A superación dos límites de exposición ós axentes nocivos que, consonte a normativa sobre prevención de riscos laborais, orixine risco de danos graves para a seguridade e saúde dos traballadores, sen adoptar-las medidas preventivas adecuadas, salvo que se trate de infracción moi grave conforme o artigo seguinte.

10. Non adoptar-las medidas previstas no artigo 20 da Lei de prevención de riscos laborais en materia de primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación dos traballadores.

11. O incumprimento dos dereitos de información, consulta e participación dos traballadores recoñecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.

12. Non proporciona-la formación ou os medios adecuados para o desenvolvemento das súas funcións ós traballadores designados para as actividades de prevención e ós delegados de prevención.

13. Non adoptaren os empresarios e mailos traballadores por conta propia que desenvolvan actividades nun mesmo centro de traballo, ou os empresarios a que se refire o artigo 24.4 da Lei de prevención de riscos laborais, as medidas de cooperación e coordinación necesarias para a protección e prevención de riscos laborais.

14. Non informa-lo promotor ou o empresario titular do centro de traballo, a aqueles outros que desenvolvan actividades nel, sobre os riscos e as medidas de protección, prevención e emerxencia.

15. Non designar un ou varios traballadores para ocuparse das actividades de protección e prevención na empresa ou non organizar ou concertar un servizo de prevención cando isto sexa preceptivo.

16. As que supoñan incumprimento da normativa de prevención de riscos laborais, sempre que o dito incumprimento cree un risco grave para a integridade física ou a saúde dos traballadores afectados e especialmente en materia de:

a) Comunicación á autoridade laboral, cando proceda legalmente, das substancias, axentes físicos, químicos e biolóxicos, ou procesos utilizados nas empresas.

b) Deseño, escolla, instalación, disposición, utilización e mantemento dos lugares de traballo, ferramenta, maquinaria e equipamentos.

c) Prohibicións ou limitacións respecto de operacións, procesos e uso de axentes físicos, químicos e biolóxicos nos lugares de traballo.

d) Limitacións respecto do número de traballadores que poidan quedar expostos a determinados axentes físicos, químicos e biolóxicos.

e) Utilización de modalidades determinadas de mostraxe, medición e avaliación de resultados.

f) Medidas de protección colectiva ou individual.

g) Sinalización de seguridade e etiquetaxe e envasado de substancias perigosas, en canto estas se manipulen ou empreguen no proceso productivo.

h) Servizos ou medidas de hixiene persoal.

i) Rexistro dos niveis de exposición a axentes físicos, químicos e biolóxicos, listas de traballadores expostos e expedientes médicos.

17. A falta de limpeza do centro ou lugar de traballo, cando sexa habitual ou cando disto deriven riscos para a integridade física e a saúde dos traballadores.

18. O incumprimento do deber de información ós traballadores designados para se ocuparen das actividades de prevención ou, se é o caso, ó servizo de prevención da incorporación á empresa de traballadores con relacións de traballo temporais, de duración determinada ou proporcionados por empresas de traballo temporal.

19. Non facilitar ó servizo de prevención o acceso á información e documentación sinaladas no número 1 do artigo 18 e no número 1 do artigo 23 da Lei de prevención de riscos laborais.

20. Non someter, nos termos establecidos regulamentariamente, o sistema de prevención da empresa ó control dunha auditoría ou avaliación externa cando non se teña concertado o servizo de prevención cunha entidade especializada allea á empresa.

21. Facilitaren á autoridade laboral competente, as entidades especializadas que actúen como servizos de prevención alleos ás empresas, as persoas ou entidades que desenvolvan a actividade de auditoría do sistema de prevención das empresas ou as entidades acreditadas para desenvolveren e certificaren a formación en materia de prevención de riscos laborais, datos de forma ou con contido inexactos, omiti-los que debía ter consignado,

así como non comunicar calquera modificación das súas condicións de acreditación ou autorización.

22. Incumpri-las obrigas derivadas de actividades correspondentes a servicios de prevención alleos respecto dos seus empresarios concertados, de acordo coa normativa aplicable.

Artigo 13. *Infraccións moi graves.*

Son infraccións moi graves:

1. Non observa-las normas específicas en materia de protección da seguridade e a saúde das traballadoras durante os períodos de embarazo e lactación.

2. Non observa-las normas específicas en materia de protección da seguridade e a saúde dos menores.

3. Non paralizar nin suspender de forma inmediata, a requirimento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, os traballos que se realicen sen observa-la normativa sobre prevención de riscos laborais e que, a xuízo da Inspección, impliquen a existencia dun risco grave e inminente para a seguridade e saúde dos traballadores, ou retoma-los traballos sen ter corrixido previamente as causas que motivaron a paralización.

4. A adscrición dos traballadores a postos de traballo cunhas condicións incompatibles coas súas características persoais coñecidas ou que se encontren manifestamente en estados ou situacións transitorias que non respondan ás esixencias psicofísicas dos respectivos postos de traballo, ben como a dedicación daqueles á realización de tarefas sen tomar en consideración as súas capacidades profesionais en materia de seguridade e saúde no traballo, cando disto derive un risco grave e inminente para a seguridade e saúde dos traballadores.

5. Incumpri-lo deber de confidencialidade no uso dos datos relativos á vixilancia da saúde dos traballadores, nos termos previstos no número 4 do artigo 22 da Lei de prevención de riscos laborais.

6. Supera-los límites de exposición ós axentes nocivos que, consonte a normativa sobre prevención de riscos laborais, orixinen riscos de danos para a saúde dos traballadores sen adopta-las medidas preventivas adecuadas, cando se trate de riscos graves e inminentes.

7. Non adoptaren, os empresarios e mailos traballadores por conta propia que desenvolvan actividades nun mesmo centro de traballo, as medidas de cooperación e coordinación necesarias para a protección e prevención de riscos laborais, cando se trate de actividades regulamentariamente consideradas como perigosas ou con riscos especiais.

8. Non informa-lo promotor ou o empresario titular do centro de traballo, a aqueloutros que desenvolvan actividades nel, sobre os riscos e as medidas de protección, prevención e emerxencia, cando se trate de actividades regulamentariamente consideradas como perigosas ou con riscos especiais.

9. As accións ou omisións que impidan o exercicio do dereito dos traballadores a paralizaren a súa actividade nos casos de risco grave e inminente, nos termos previstos no artigo 21 da Lei de prevención de riscos laborais.

10. Non adoptar calquera outra medida preventiva aplicable ás condicións de traballo en execución da normativa sobre prevención de riscos laborais das que derive un risco grave e inminente para a seguridade e saúde dos traballadores.

11. Exerceren as súas actividades as entidades especializadas que actúen como servicios de prevención alleos ás empresas, as persoas ou entidades que desenvolvan a actividade de auditoría do sistema de prevención das empresas ou as que desenvolvan e certifiquen a formación en materia de prevención de riscos laborais, sen contaren coa preceptiva acreditación ou autorización,

cando esta tivese sido suspendida ou extinguida, cando tivese caducado a autorización provisional, así como cando se excedan na súa actuación do alcance dela.

12. Manteren as entidades especializadas que actúen como servicios de prevención alleos ás empresas ou as persoas ou entidades que desenvolvan a actividade de auditoría do sistema de prevención das empresas, vinculacións comerciais, financeiras ou de calquera outro tipo, coas empresas auditadas ou concertadas, distintas ás propias da súa actuación como tales, así como certifiquen, as entidades que desenvolvan ou certifiquen a formación preventiva, actividades non desenvolvidas na súa totalidade.

SECCIÓN 3.^a INFRACCIÓNS EN MATERIA DE EMPREGO

Subsección 1.^a Infraccións dos empresarios e das axencias de colocación en materia de emprego, axudas de fomento do emprego en xeral e formación profesional ocupacional

Artigo 14. *Infraccións leves.*

Son infraccións leves:

1. Non comunicar á oficina de emprego as contratacións realizadas nos supostos en que estea establecida esa obriga.

2. Non comunicar á oficina de emprego a terminación dos contratos de traballo, nos supostos en que estea prevista tal obriga.

3. A falta de rexistro na oficina de emprego do contrato de traballo e das súas prórrogas nos casos en que estea establecida a obriga de rexistro.

Artigo 15. *Infraccións graves.*

Son infraccións graves:

1. Non informaren as empresas de selección das súas tarefas ó servicio público de emprego.

2. O incumprimento das medidas de reserva, duración ou preferencia no emprego dictadas en virtude do disposto no artigo 17, números 2 e 3, da Lei do Estatuto dos traballadores.

3. O incumprimento en materia de integración laboral de minusválidos da obriga legal de reserva de postos de traballo para minusválidos, ou da aplicación das súas medidas alternativas de carácter excepcional.

4. Non notificar ós representantes legais dos traballadores as contratacións de duración determinada que se celebren, ou non lles entregar en prazo a copia básica dos contratos cando exista a obriga.

5. A publicidade por calquera medio de difusión de ofertas de emprego que non respondan ás condicións reais do posto ofrecido, ou que conteñan condicións contrarias á normativa de aplicación, sen prexuízo do establecido no artigo seguinte.

Artigo 16. *Infraccións moi graves.*

Son infraccións moi graves:

1. Exercer actividades de mediación con fins lucrativos, de calquera clase e ámbito funcional, que teñan por obxecto a colocación de traballadores, así como exercer actividades de mediación sen fins lucrativos, sen ter obtido a correspondente autorización administrativa ou continuar actuando na intermediación e colocación trala finalización da autorización, ou cando a prórroga fose desestimada polo servicio público de emprego.

2. Establecer condicións, mediante a publicidade, difusión ou por calquera outro medio, que constitúan

discriminacións favorables ou adversas para o acceso ó emprego por motivos de raza, sexo, idade, estado civil, relixión, opinión política, afiliación sindical, orixe, condición social e lingua dentro do Estado.

3. Obter ou desfrutar indebidamente de subvencións, axudas de fomento do emprego ou calquera establecida en programas de apoio á creación de emprego ou formación profesional ocupacional alleas ó réxime económico da Seguridade Social.

4. A non aplicación ou as desviacións na aplicación das axudas, ou subvencións de fomento do emprego, de reinserción de demandantes de emprego, e da formación profesional ocupacional concedidas, financiadas ou garantidas, en todo ou en parte, polo Estado, ou polas Comunidades Autónomas no marco da execución da lexislación laboral, alleas ó réxime económico da Seguridade Social.

Subsección 2.^a *Infraccións dos traballadores*

Artigo 17. *Infraccións dos traballadores.*

Constitúen infraccións dos traballadores:

1. Leves.

a) Non comparecer, precedendo requirimento, ante o servizo público de emprego, as axencias de colocación sen fins lucrativos ou as entidades asociadas dos servizos integrados para o emprego, ou non renovar a demanda de emprego na forma e datas que se determinen no documento de renovación da demanda salvo causa xustificada.

b) Non devolver en prazo, agás causa xustificada, ó servizo público de emprego ou, se é o caso, ás axencias de colocación sen fins lucrativos, o correspondente xustificante de ter comparecido no lugar e data indicados para cubri-las ofertas de emprego facilitadas por aqueles.

2. Graves: rexeitar unha oferta de emprego adecuada, xa sexa ofrecida polo servizo público de emprego ou polas axencias de colocación sen fins lucrativos, ou negarse a participar nos traballos de colaboración social, programas de emprego, incluídos os de inserción profesional, ou en accións de promoción, formación ou reconversión profesional, agás causa xustificada, ofrecidos polo servizo público de emprego ou polas entidades asociadas dos servizos integrados para o emprego.

Para os efectos previstos nesta lei, entenderase por emprego adecuado e por traballos de colaboración social os que reúnan os requisitos establecidos, respectivamente, nos números 2 e 3 do artigo 213 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

3. Moi graves: a non aplicación, ou a desviación na aplicación das axudas, en xeral, de fomento do emprego percibidas polos traballadores.

SECCIÓN 4.^a *INFRACCIÓNS EN MATERIA DE EMPRESAS DE TRABALLO TEMPORAL E EMPRESAS USUARIAS*

Artigo 18. *Infraccións das empresas de traballo temporal.*

1. Infraccións leves:

a) Non formalizar, nos termos que se determinen regulamentariamente, os contratos a que se refire o artigo 10 da Lei 14/1994, do 1 de xuño, que regula as empresas de traballo temporal e os contratos de posta á disposición.

b) Non incluír na publicidade das súas actividades ou ofertas de emprego a súa identificación como empresa de traballo temporal e o número de autorización.

c) Non entregar á empresa usuaria a copia básica do contrato de traballo ou a orde de servizo dos traballadores postos á disposición dela; así como a restante documentación que estea obrigada a lle fornecer.

2. Infraccións graves:

a) Non formalizar por escrito os contratos de traballo ou contratos de posta á disposición, previstos na Lei pola que se regulan as empresas de traballo temporal.

b) Non remitir á autoridade laboral competente, nos termos que regulamentariamente se establezan, a información a que se refire o artigo 5 da Lei pola que se regulan as empresas de traballo temporal, ou non comunica-la actualización anual da garantía financeira.

c) Formalizar contratos de posta á disposición para supostos distintos dos previstos no número 2 do artigo 6 da Lei pola que se regulan as empresas de traballo temporal, ou para a cobertura de postos de traballo respecto dos que non se realizase previamente a preceptiva avaliación de riscos.

d) Non destinar á formación dos traballadores temporais as cantidades a que se refire o artigo 12.2 da Lei pola que se regulan as empresas de traballo temporal.

e) Cobrar ó traballador calquera cantidade en concepto de selección, formación ou contratación.

f) A posta á disposición de traballadores en ámbitos xeográficos para os que non se ten autorización administrativa de actuación, salvo o previsto no número 3 do artigo 5 da Lei pola que se regulan as empresas de traballo temporal.

3. Infraccións moi graves:

a) Non actualiza-lo valor da garantía financeira, cando se obtivese unha autorización administrativa indefinida.

b) Formalizar contratos de posta á disposición para a realización de actividades e traballos que, pola súa especial perigosidade para a seguridade ou a saúde se determinen regulamentariamente.

c) Non se dedicar exclusivamente á actividade constitutiva da empresa de traballo temporal.

d) A falsidade documental ou ocultación da información facilitada á autoridade laboral sobre as súas actividades.

e) Ceder traballadores con contrato temporal a outra empresa de traballo temporal ou a outras empresas para a súa posterior cesión a terceiros.

Artigo 19. *Infraccións das empresas usuarias.*

1. Son infraccións leves:

a) Non formalizar, nos termos que regulamentariamente se determinen, o contrato de posta á disposición.

b) Non facilita-los datos relativos á retribución total establecida no convenio colectivo aplicable para o posto de traballo en cuestión, para efectos da súa consignación no contrato de posta á disposición.

2. Son infraccións graves:

a) Non formalizar por escrito o contrato de posta á disposición.

b) Formalizar contratos de posta á disposición para supostos distintos dos previstos no número 2 do artigo 6 da Lei pola que se regulan as empresas de traballo temporal, ou para a cobertura de postos de traballo respecto dos que non se realizase previamente a preceptiva avaliación de riscos.

c) As accións ou omisións que impidan o exercicio polos traballadores postos á súa disposición dos dereitos

establecidos no artigo 17 da Lei pola que se regulan as empresas de traballo temporal.

d) A falta de información ó traballador temporal nos termos previstos no artigo 16.1 da Lei pola que se regulan as empresas de traballo temporal, e na normativa de prevención de riscos laborais.

e) Formalizar contratos de posta á disposición para a cobertura de postos ou funcións que, nos doce meses anteriores, fosen obxecto de amortización por despedimento improcedente, despedimento colectivo ou por causas obxectivas, ou para a cobertura de postos que nos dezaoto meses anteriores estivesen xa cubertos por máis de trece meses e medio, de forma continua ou descontinua, por traballadores postos á disposición por empresas de traballo temporal, entendéndose en ámbolos casos cometida unha infracción por cada traballador afectado.

3. Son infraccións moi graves:

a) Os actos do empresario lesivos do dereito de folga, consistentes na substitución de traballadores en folga por outros postos á súa disposición por unha empresa de traballo temporal.

b) A formalización de contratos de posta á disposición para a realización daquelas actividades e traballos que pola súa especial perigosidade para a seguridade ou a saúde se determinen regulamentariamente, entendéndose cometida unha infracción por cada contrato en tales circunstancias.

CAPÍTULO III

Infraccións en materia de Seguridade Social

Artigo 20. *Concepto.*

1. Son infraccións en materia de Seguridade Social as accións e omisións dos distintos suxeitos responsables a que se refire o artigo 2.2 desta lei, contrarias ás disposicións legais e regulamentarias que regulan o sistema da Seguridade Social, tipificadas e sancionadas como tales nesta lei.

2. Para os efectos desta lei asimílanse ás infraccións e sancións en materia de seguridade social as producidas respecto doutras cotizacións que recade o sistema de Seguridade Social.

SECCIÓN 1.^a INFRACCIÓNS DOS EMPRESARIOS, TRABALLADORES POR CONTA PROPIA E ASIMILADOS

Artigo 21. *Infraccións leves.*

Son infraccións leves:

1. Non conservar, durante cinco anos, a documentación ou os rexistros ou soportes informáticos en que se transmitisen os correspondentes datos que acrediten o cumprimento das obrigas en materia de afiliación, altas, baixas ou variacións que, se é o caso, se producen en relación coas ditas materias, así como os documentos de cotización e os recibos xustificativos do pagamento de salarios e do pagamento delegado de prestacións.

2. Non expor, en lugar destacado do centro de traballo, ou non pór á disposición dos traballadores, dentro do mes seguinte ó que corresponda o ingreso das cotas, o exemplar do documento de cotización ou copia autorizada del ou, se é o caso, non facilita-la documentación aludida ós delegados de persoal ou comités de empresa.

3. Non comunicar en tempo e forma as baixas dos traballadores que cesen no servizo á empresa, así como as demais variacións que os atinxan.

4. Non facilitar ás entidades correspondentes os datos, certificacións e declaracións que estean obrigados

a proporcionar, ou omitilos, ou consignalos inexactamente.

5. Non comunicar á entidade correspondente calquera cambio nos documentos de asociación ou de adhesión para a cobertura das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

Artigo 22. *Infraccións graves.*

Son infraccións graves:

1. Inicia-la súa actividade sen ter solicitado a súa inscrición na Seguridade Social; non comunica-la apertura e cesamento de actividade dos centros de traballo para efectos da súa identificación; e as variacións de datos ou outras obrigas establecidas regulamentariamente en materia de inscrición de empresas e identificación de centros de traballo.

2. Non solicitar, en tempo e forma, a afiliación inicial ou a alta dos traballadores que ingresen ó seu servizo, considerándose unha infracción por cada un dos traballadores afectados.

3. Non dispor no centro de traballo ou non levar en orde e ó día o Libro de Matrícula de Persoal ou, se é o caso, o sistema de documentación que fose autorizado para substituí-lo dito libro.

4. Non presentar, en prazo regulamentario, os documentos de cotización cando non se ingresen no mesmo as cotas nin se teña solicitado adiamento de pagamento; e a non transmisión ou non acollemento dos datos de cotización polos obrigados ou acollidos á utilización de sistemas de presentación por medios informáticos electrónicos ou telemáticos.

5. Non ingresar, na forma e prazo procedente, as cotas correspondentes que por tódolos conceptos recada o sistema da Seguridade Social, ou non efectualo ingreso na contía debida, sempre que a falta de ingreso non obedeza a unha situación extraordinaria da empresa e non se efectuase a presentación prevista no número anterior.

6. Incumpri-las obrigas económicas derivadas da súa colaboración obrigatoria na xestión da Seguridade Social.

7. Formaliza-la protección por accidentes de traballo e enfermidades profesionais e, se é o caso da incapacidade temporal do persoal ó seu servizo en entidade distinta da que legalmente corresponda.

8. Non entregar ó traballador, en tempo e forma, o certificado de empresa e cantos documentos sexan precisos para a solicitude e tramitación de calquera prestación.

9. Non solicitaren os traballadores por conta propia, en tempo e forma, a súa afiliación inicial ou a alta no correspondente réxime especial da Seguridade Social cando a omisión xere falta de pagamento da cotización que corresponda.

10. Non aboar ás entidades correspondentes as prestacións satisfeitas por estas ós traballadores cando a empresa fose declarada responsable da obriga.

11. Non proceder en tempo e contía ó pagamento delegado das prestacións que correspondan.

12. Obter ou desfrutar indebidamente reducións ou bonificacións no pagamento das cotas sociais que correspondan, entendendo producida unha infracción por cada traballador afectado.

Artigo 23. *Infraccións moi graves.*

1. Son infraccións moi graves:

a) Dar ocupación como traballadores a beneficiarios ou solicitantes de pensións ou outras prestacións periódicas da Seguridade Social, o desfrute das cales sexa

incompatible co traballo por conta allea, cando non se lles tivese dado a alta na Seguridade Social con carácter previo ó inicio da súa actividade.

b) Reter indebidamente, non ingresándoa dentro do prazo, a parte de cota de Seguridade Social descontada ós seus traballadores, ou efectuar descontos, non ingresándoos, superiores ós legalmente establecidos.

c) O falseamento de documentos para os traballadores obteren ou gozaren fraudulentamente prestacións, así como a convivencia cos seus traballadores ou cos demais beneficiarios para a obtención de prestacións indebidas ou superiores ás que procedan en cada caso, ou para eludi-lo cumprimento das obrigas que a calquera deles corresponda en materia de prestacións.

d) Pactar cos seus traballadores de forma individual ou colectiva a obriga por parte deles de pagar total ou parcialmente a prima ou parte de cotas a cargo do empresario, ou ben a súa renuncia ós dereitos que lles confire o sistema da Seguridade Social.

e) Incrementar indebidamente a base de cotización do traballador de forma que provoque un aumento nas prestacións que procedan, así como a simulación da contratación laboral para a obtención indebida de prestacións.

f) Efectuar declaracións ou consignar datos falsos ou inexactos nos documentos de cotización que ocasionen deducións fraudulentas nas cotas pagadoiras á Seguridade Social.

g) Non facilitar ó organismo público correspondente, en tempo e forma, os datos identificativos de titulares de prestacións sociais económicas, así como, en canto determinen ou condicionen o dereito a as percibir, os dos beneficiarios, cónxuxes e outros membros da unidade familiar, ou os dos seus importes, clase das prestacións e data de efectos da súa concesión.

2. No suposto de infraccións moi graves, enténdese que o empresario incorre nunha infracción por cada un dos traballadores que obtivesen ou gocen fraudulentamente das prestacións de Seguridade Social.

Nas infraccións sinaladas nas alíneas a), c) e e) do número anterior o empresario responderá solidariamente da devolución das cantidades indebidamente percibidas polo traballador.

Os empresarios que contraten ou subcontraten a realización de obras ou servizos correspondentes á propia actividade, responderán solidariamente das infraccións a que se refire o número 1 anterior, cometidas polo empresario contratista ou subcontratista durante todo o período de vixencia da contrata.

3. As infraccións deste artigo, ademais de ás sancións que correspondan por aplicación do capítulo VI, darán lugar ás sancións accesorias previstas no artigo 46 desta lei.

SECCIÓN 2.^a INFRACCIÓNS DOS TRABALLADORES OU ASIMILADOS, BENEFICIARIOS E SOLICITANTES DE PRESTACIÓNS

Artigo 24. *Infraccións leves.*

Son infraccións leves:

1. Non facilitar á entidade correspondente ou á empresa, cando lle sexan requiridos, os datos necesarios para a súa afiliación ou a súa alta na Seguridade Social e, se é o caso, as alteracións que neles se producen, os da situación de pluriemprego, e, en xeral, o incumprimento dos deberes de carácter informativo.

2. Non comparecer, precedendo requirimento, ante a entidade xestora das prestacións na forma e data que se determinen, salvo causa xustificada.

Artigo 25. *Infraccións graves.*

Son infraccións graves:

1. Efectuar traballos por conta propia ou allea durante a percepción de prestacións, cando exista incompatibilidade establecida legal ou regulamentariamente, sen prexuízo do disposto no número 2 do artigo seguinte.

2. Non comparecer, agás causa xustificada, ós recoñecementos médicos ordenados polas entidades xestoras ou colaboradoras, nos supostos así establecidos, ben como non presentar ante elas os antecedentes, xustificantes ou datos que non se achen en poder na entidade, cando a isto sexan requiridos e afecten o dereito á continuidade na percepción da prestación.

3. Non comunicar, agás causa xustificada, as baixas nas prestacións no momento en que se produzan situacións determinantes de suspensión ou extinción do dereito, ou cando se deixen de reuni-los requisitos para o dereito á súa percepción cando por calquera das ditas causas se percibise indebidamente a prestación.

Artigo 26. *Infraccións moi graves.*

Son infraccións moi graves:

1. Actuar fraudulentamente co fin de obter prestacións indebidas ou superiores ás que correspondan, ou prolongar indebidamente o seu disfrute mediante o fornecemento de datos ou documentos falsos; a simulación da relación laboral; e a omisión de declaracións legalmente obrigatorias ou outros incumprimentos que poidan ocasionar percepcións fraudulentas.

2. Compatibiliza-la percepción de prestacións ou subsidio por desemprego co traballo por conta propia ou allea, salvo no caso do traballo a tempo parcial nos termos previstos na normativa correspondente. No caso de subsidio por desemprego dos traballadores eventuais agrarios, entenderase que o traballador compatibilizou a percepción da prestación co traballo por conta allea ou propia cando os días traballados non fosen declarados na forma prevista na súa normativa específica de aplicación.

3. A convivencia co empresario para a obtención indebida de calquera prestación da Seguridade Social.

SECCIÓN 3.^a INFRACCIÓNS DAS MUTUAS DE ACCIDENTES DE TRABALLO E ENFERMIDADES PROFESIONAIS DA SEGURIDADE SOCIAL

Artigo 27. *Infraccións leves.*

Son infraccións leves:

1. Non cumpri-las obrigas formais relativas a dilixencia, remisión e conservación de libros, rexistros, documentos e relacións de traballadores, así como dos boletíns estatísticos.

2. Incumpri-las obrigas formais establecidas sobre inscrición, rexistro e conservación de documentos e certificados, en materia de recoñecementos médicos obrigatorios.

3. Non remitir ó organismo competente, dentro do prazo e debidamente cubertos, os partes de accidentes de traballo cando estes teñan carácter leve.

4. Non informa-los empresarios asociados, traballadores e órganos de representación do persoal, e as persoas que acrediten un interese persoal e directo, acerca dos datos a eles referentes que se achen en poder da entidade.

Artigo 28. *Infraccións graves.*

Son infraccións graves:

1. Non levar ó día e na forma establecida os libros obrigatorios, así como os libros oficiais de contabilidade ou sistema contable autorizado, de conformidade co plan xeral de contabilidade e normas orzamentarias da Seguridade Social.

2. Acepta-la asociación de empresas non incluídas no ámbito territorial ou funcional da entidade sen estar autorizadas; non aceptar toda proposición de asociación que formulen as empresas comprendidas no seu ámbito de actuación; concertar convenios de asociación de duración superior a un ano; e non protexe-la totalidade dos traballadores dunha empresa asociada correspondentes a centros de traballo situados na mesma provincia.

3. Non observa-las normas relativas á denominación e á súa utilización, e á constitución e funcionamento dos seus órganos de goberno e de participación.

4. Non remitir ó organismo competente, dentro do prazo e debidamente cubertos, os partes de accidentes de traballo e enfermidade profesional, cando teñan carácter grave, moi grave ou produzan a morte do traballador.

5. Non cumpri-la normativa establecida respecto de constitución e contía en materia de fianza, gastos de administración, reservas obrigatorias, así como a falta de remisión dentro de prazo ó organismo competente do balance anual, memoria e conta de resultados, e orzamento de ingresos e gastos debidamente aprobados e confeccionados.

6. Non facilitar ó organismo competente e, en todo caso, ós servicios comúns e entidades xestoras, cantos datos soliciten en materia de colaboración, nin coordina-la actuación da entidade cos ditos organismos e coas administracións competentes en materia de xestión de servicios sociais ou outras materias en que colaboren as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, así como a negativa a expedir ós empresarios asociados os certificados do cesamento da asociación.

7. Dar publicidade ou difundir publicamente informacións e datos referentes á súa actuación, sen a previa autorización do órgano superior de vixilancia e tutela, cando a mesma se requira.

8. Non solicitar no tempo e na forma establecidos as autorizacións preceptivas en materia de investimentos, contratación con terceiros, revalorización de activos e actualización de balances, e calquera outra en materia económico-financeira en que así o esixan as disposicións en vigor.

Artigo 29. *Infraccións moi graves.*

Son infraccións moi graves:

1. Levar a cabo operacións distintas a aquelas a que deben limita-la actividade ou inserir nos convenios de asociación condicións que se opoñan ás normas da Seguridade Social e das que regulan a colaboración na xestión das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

2. Non contribuír na medida en que proceda ó sostemento económico dos servicios comúns da Seguridade Social e non cumpri-las obrigas que procedan en materia de reaseguro ou do sistema establecido de compensación de resultados.

3. Aplicar epígrafes da tarifa de primas ou, no seu caso, as adicionais que procedan, distintas das que sexan preceptivamente obrigatorias, segundo as actividades e traballos de cada empresa, así como promover ou obte-lo ingreso de cantidades equivalentes ou substitutorias das cotas da Seguridade Social por procedementos diferentes ós regulamentarios.

4. Concertar, utilizar ou establecer servicios sanitarios, de prevención de accidentes, de recuperación ou de rehabilitación propios ou de terceiros, sen a previa autorización do organismo competente.

5. Esixir ás empresas asociadas, ó acordaren a asociación, o ingreso de cantidades superiores ó importe anticipado dun trimestre das correspondentes cotas en concepto de garantía, ou ben esixi-lo dito ingreso máis dunha vez.

6. Exerce-la colaboración na xestión con ánimo de lucro; non aplica-lo patrimonio estrictamente ó fin social da entidade; distribuír beneficios económicos entre os asociados, con independencia da súa natureza; afecta-los excedentes anuais a fins distintos dos regulamentarios; continuar no exercicio da colaboración cando concorran causas de disolución obrigatoria sen llo comunicar ó órgano competente; e non diferencia-las actividades desenvolvidas como servicios de prevención, ou non imputar ás mesmas os custos derivados de tales actividades.

7. Incumpri-lo réxime de incompatibilidades e prohibicións establecido no artigo 75 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

SECCIÓN 4.^a INFRACCIÓNS DAS EMPRESAS QUE COLABORAN VOLUNTARIAMENTE NA XESTIÓN**Artigo 30. *Infraccións leves.***

Son infraccións leves:

1. Non levar en orde e ó día a documentación regulamentariamente esixida.

2. Non dar conta, semestralmente, ó comité de empresa da aplicación das cantidades percibidas para o exercicio da colaboración.

Artigo 31. *Infraccións graves.*

Son infraccións graves:

1. Non mante-las instalacións sanitarias propias nas condicións esixidas para a prestación da asistencia.

2. Non coordina-la prestación de asistencia sanitaria cos servicios sanitarios da Seguridade Social.

3. Presta-la asistencia sanitaria con persoal alleo ós servicios da Seguridade Social, salvo autorización para o efecto.

4. Conceder prestacións en tempo, contía ou forma distintos ós regulamentariamente establecidos.

5. Non ingresa-las contribucións establecidas para o sostemento dos servicios comúns.

6. Non levar na súa contabilidade unha conta específica que recolla tódalas operacións relativas á colaboración.

Artigo 32. *Infraccións moi graves.*

Son infraccións moi graves:

1. Exerce-las funcións propias do obxecto da colaboración sen autorización previa.

2. Continuar no exercicio da colaboración despois da perda dos requisitos mínimos esixibles.

3. Destina-los excedentes da colaboración a fins distintos da mellora das prestacións.

4. Non aplicar ós fins exclusivos da colaboración, incluíndo nela a mellora das prestacións, as cantidades deducidas da cota regulamentaria.

CAPÍTULO IV

Infraccións en materia de emigración, movementos migratorios e traballo de estranxeiros

SECCIÓN 1.^a INFRACCIÓN EN MATERIA DE EMIGRACIÓN E MOVEMENTOS MIGRATORIOS INTERNOS

Artigo 33. *Concepto.*

Son infraccións en materia de emigración e movementos migratorios laborais as accións ou omisións dos suxeitos a quen se refire o artigo 2.4 tipificadas e sancionadas de conformidade coa presente lei.

Artigo 34. *Infraccións leves.*

Son infraccións leves:

1. A modificación das condicións da oferta para emigrar, desde autorizada administrativamente, se non causa prexuízo grave para os emigrantes.
2. Non presenta-los contratos de traballo para o seu visado pola autoridade laboral, ou non entregar ó traballador a copia do contrato xa visado.
3. A inaplicación dos descontos establecidos para o transporte dos emigrantes.

Artigo 35. *Infraccións graves.*

Son infraccións graves:

1. A difusión por calquera medio de ofertas de traballo para o estranxeiro sen a obtención da preceptiva autorización administrativa.
2. A modificación das condicións da oferta para emigrar, unha vez autorizada administrativamente, se causa prexuízo grave para os emigrantes.
3. A ocultación, falsificación ou rectificación de cláusulas substanciais dun contrato xa visado.
4. O desprazamento do traballador ó país de acollida sen a documentación necesaria ou a retención inustificada pola empresa da dita documentación.
5. A contratación de mariños españois por conta de empresas armadoras estranxeiras realizada por persoas ou entidades non autorizadas pola autoridade laboral para realizar ese cometido.

Artigo 36. *Infraccións moi graves.*

Son infraccións moi graves:

1. O establecemento de calquera tipo de axencias de recrutamento de emigrantes.
2. A simulación ou engano no recrutamento ou na contratación dos emigrantes.
3. O abandono de traballadores emigrantes en país estranxeiro por parte do empresario contratante ou dos seus representantes autorizados.
4. O cobro ós traballadores de comisión ou prezo polo seu recrutamento.
5. A obtención fraudulenta de axudas á emigración e movementos migratorios interiores, xa sexan individuais ou de reagrupamento familiar, ou a non aplicación ou aplicación indebida desas axudas.

SECCIÓN 2.^a INFRACCIÓN EN MATERIA DE PERMISOS DE TRABALLO DE ESTRANXEIROS

Artigo 37. *Infraccións.*

Serán consideradas conductas constitutivas de infracción moi grave as de:

1. Os empresarios que utilicen traballadores estranxeiros sen ter obtido con carácter previo o preceptivo permiso de traballo, ou a renovación del, incorrendo nunha infracción por cada un dos traballadores estranxeiros que ocupasen.

2. Os estranxeiros que exerzan en España calquera actividade lucrativa, laboral ou profesional, por conta propia, sen ter obtido o preceptivo permiso de traballo, ou non telo renovado.

3. As das persoas físicas ou xurídicas que promovan, medien ou amparen o traballo dos estranxeiros en España sen o preceptivo permiso de traballo.

CAPÍTULO V

Infraccións en materia de sociedades cooperativas

Artigo 38. *Infraccións en materia de cooperativas.*

Suxéitanse ás prescricións deste artigo, as infraccións das sociedades cooperativas, cando a lexislación autonómica se remita ó respecto á lexislación do Estado, cando non se produciase a referida lexislación autonómica ou cando aquelas desenvolvan a súa actividade cooperativizada no territorio de varias comunidades autónomas, de conformidade co establecido na Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas.

1. Son infraccións leves: O incumprimento das obrigas ou a vulneración das prohibicións impostas pola Lei de cooperativas que non supoñan un conflito entre partes, non interrompan a actividade social e non poidan ser cualificadas de graves ou moi graves.

2. Son infraccións graves:

- a) Non convoca-la asemblea xeral ordinaria en tempo e forma.
- b) Incumpli-la obriga de inscribi-los actos que deben acceder obrigatoriamente ó Rexistro.
- c) Non efectua-las dotacións, nos termos legalmente establecidos, ós fondos obrigatorios ou destinalos a finalidades distintas ás previstas.
- d) A falta de auditoría de contas, canto ela resulte obrigatoria, legal ou estatutariamente.
- e) Incumprir, no seu caso, a obriga de deposita-las contas anuais.
- f) A transgresión xeneralizada dos dereitos dos socios.

3. Son infraccións moi graves:

- a) A paralización da actividade cooperativizada, ou a inactividade dos órganos sociais durante dous anos.
- b) A transgresión das disposicións imperativas ou prohibitivas da Lei de cooperativas, cando se comprobe convivencia para se lucrar ou para obter ficticiamente subvencións ou bonificacións fiscais.

CAPÍTULO VI

Responsabilidades e sancións

SECCIÓN 1.^a NORMAS XERAIS SOBRE SANCIÓN S ÓS EMPRESARIOS E, EN XERAL, A OUTROS SUXEITOS QUE NON TEÑAN A CONDICIÓN DE TRABALLADORES OU ASIMILADOS

Artigo 39. *Criterios de graduación das sancións.*

1. As sancións polas infraccións tipificadas nos artigos anteriores poderanse impor nos graos de mínimo, medio e máximo, atendendo ós criterios establecidos nos números seguintes.

2. Cualificadas as infraccións, na forma disposta por esta lei, as sancións graduaranse conforme á negligencia e intencionalidade do suxeito infractor, fraude ou conivencia, incumprimento das advertencias previas e requirimentos da Inspección, cifra de negocios da empresa, número de traballadores ou de beneficiarios afectados se é o caso, prexuízo causado e cantidade defraudada, como circunstancias que poidan agravar ou atenuar a graduación aplicable á infracción cometida.

3. Nas sancións por infraccións en materia de prevención de riscos laborais, para efectos da súa graduación, teranse en conta os seguintes criterios:

a) A perigosidade das actividades desenvolvidas na empresa ou centro de traballo.

b) O carácter permanente ou transitorio dos riscos inherentes ás ditas actividades.

c) A gravidade dos danos producidos ou que se poderían ter producido pola ausencia ou deficiencia das medidas preventivas necesarias.

d) O número de traballadores afectados.

e) As medidas de protección individual ou colectiva adoptadas polo empresario e as instrucións impartidas por este no que atinxe a prevención dos riscos.

f) O incumprimento das advertencias ou requirimentos previos da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

g) A inobservancia das propostas realizadas polos servicios de prevención, os delegados de prevención ou o comité de seguridade e saúde da empresa para a corrección das deficiencias legais existentes.

h) A conducta xeral seguida polo empresario no que atinxe a estricta observancia das normas en materia de prevención de riscos laborais.

4. As infraccións en materia de sociedades cooperativas graduaranse, para efectos da súa correspondente sanción, atendendo ó número de socios afectados, repercusión social, malicia ou falsidade e capacidade económica da cooperativa.

5. Os criterios de graduación recollidos nos números anteriores non poderán utilizarse para agravar ou atenuar a infracción cando estean contidos na descrición da conducta infractora ou formen parte do propio ilícito administrativo.

6. A acta da Inspección de Traballo e Seguridade Social que inicie o expediente sancionador e a resolución administrativa que se dicte, deberán facer explícitos os criterios de graduación da sanción tidos en conta, de entre os sinalados nos anteriores números deste artigo. Cando non se considere relevante para estes efectos ningunha das circunstancias enumeradas nos ditos números, a sanción imporase no grao mínimo no seu tramo inferior.

7. Sancionarase no máximo da cualificación que corresponda toda infracción que consista na persistencia continuada na súa comisión.

Artigo 40. *Contía das sancións.*

1. As infraccións en materia de relacións laborais e emprego, en materia de Seguridade Social, sen prexuízo do disposto no número 3 seguinte, en materia de emigración, movementos migratorios e traballo de estranxeiros, así como as infraccións por obstrución, sancionaranse:

a) As leves, no seu grao mínimo, con multa de 5.000 a 10.000 pesetas; no seu grao medio, de 10.001 a 25.000 pesetas; e no seu grao máximo, de 25.001 a 50.000 pesetas.

b) As graves con multa, no seu grao mínimo de 50.001 a 100.000 pesetas; no seu grao medio, de

100.001 a 250.000 pesetas; e no seu grao máximo, de 250.001 a 500.000 pesetas.

c) As moi graves con multa, no seu grao mínimo de 500.001 a 2.000.000 de pesetas; no seu grao medio de 2.000.001 a 8.000.000 de pesetas; e no seu grao máximo, de 8.000.001 a 15.000.000 de pesetas.

2. As infraccións en materia de prevención de riscos laborais sancionaranse:

a) As leves, no seu grao mínimo, con multa de 5.000 a 50.000 pesetas; no seu grao medio de 50.001 a 100.000 pesetas; e no seu grao máximo, de 100.001 a 250.000 pesetas.

b) As graves, con multa, no seu grao mínimo de 250.001 a 1.000.000 de pesetas; no seu grao medio, de 1.000.001 a 2.500.000 pesetas; e no seu grao máximo, de 2.500.001 a 5.000.000 de pesetas.

c) As moi graves con multa, no seu grao mínimo, de 5.000.001 a 20.000.000 de pesetas; no seu grao medio de 20.000.001 a 50.000.000 de pesetas; e no seu grao máximo de 50.000.001 a 100.000.000 de pesetas.

As sancións impostas por infraccións moi graves, unha vez firmes, faranse públicas na forma que se determine regulamentariamente.

As infraccións, por faltas graves e moi graves das entidades especializadas que actúen como servicios de prevención alleos ás empresas, das persoas ou entidades que desenvolvan a actividade de auditoría do sistema de prevención das empresas e das entidades acreditadas para desenvolver ou certificar a formación en materia de prevención de riscos laborais, poderán dar lugar, ademais de ás multas previstas neste artigo, á cancelación da acreditación outorgada pola autoridade laboral.

3. As sancións en materia de Seguridade Social cando deriven de actas de infracción e liquidación que se refiran ós mesmos feitos e se practiquen simultaneamente, reduciranse automaticamente ó 50 por 100 da súa contía se o suxeito infractor manifesta a súa conformidade coa liquidación practicada, ingresando o seu importe no prazo procedente.

4. As infraccións en materia de cooperativas sancionaranse:

a) As leves, con multa de 50.000 a 100.000 pesetas.

b) As graves, con multa de 100.001 a 500.000 pesetas.

c) As moi graves, con multa de 500.001 a 5.000.000 de pesetas, ou coa descualificación.

Artigo 41. *Reincidencia.*

1. Existe reincidencia cando se comete unha infracción do mesmo tipo e cualificación que a que motivou unha sanción anterior no prazo dos 365 días seguintes á notificación desta; en tal suposto requirirase que a resolución sancionadora tivese adquirido firmeza.

2. Se se aprecia reincidencia, a contía das sancións consignadas no artigo anterior poderanse incrementar ata o duplo do grao da sanción correspondente á infracción cometida, sen exceder, en ningún caso, as contías máximas previstas no artigo anterior para cada clase de infracción.

3. A reincidencia da empresa de traballo temporal na comisión de infraccións tipificadas como moi graves nesta lei poderá dar lugar á suspensión das súas actividades durante un ano.

Cando o expediente sancionador leve consigo a proposta de suspensión de actividades, será competente para resolve-lo Ministro de Traballo e Asuntos Sociais ou a autoridade equivalente das Comunidades Autónomas.

mas con competencia de execución da lexislación laboral.

Transcorrido o prazo de suspensión, a empresa de traballo temporal deberá solicitar novamente autorización administrativa que a habilite para o exercicio da actividade.

SECCIÓN 2.^a NORMAS ESPECÍFICAS

Subsección 1.^a Responsabilidades empresariais en materia laboral e de prevención de riscos laborais

Artigo 42. *Responsabilidade empresarial.*

1. As infraccións do disposto nos artigos do 42 a 44 do Estatuto dos traballadores determinarán a responsabilidade dos empresarios afectados nos termos alí establecidos.

2. As responsabilidades entre empresas de traballo temporal e empresas usuarias en materia salarial rexeranse polo disposto no artigo 16.3 da Lei 14/ 1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal.

3. A empresa principal responderá solidariamente cos contratistas e subcontratistas a que se refire o número 3 do artigo 24 da Lei de prevención de riscos laborais do cumprimento, durante o período da contrata, das obrigas impostas pola dita lei en relación cos traballadores que aqueles ocupen nos centros de traballo da empresa principal, sempre que a infracción se producise no centro de traballo do dito empresario principal.

Nas relacións de traballo mediante empresas de traballo temporal, e sen prexuízo das responsabilidades propias destas, a empresa usuaria será responsable das condicións de execución do traballo en todo o relacionado coa protección da seguridade e a saúde dos traballadores, así como da recarga de prestacións económicas do sistema de Seguridade Social que poidan fixarse, en caso de accidente de traballo ou enfermidade profesional que teña lugar no seu centro de traballo durante o tempo de vixencia do contrato de posta á disposición e deriven da falta de medidas de seguridade e hixiene.

4. A corrección das infraccións en materia de prevención de riscos laborais, no ámbito das administracións públicas suxeitarase ó procedemento e normas de desenvolvemento do artigo 45.1 e concordantes da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

5. A declaración de feitos probados que conteña unha sentenza firme da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, relativa á existencia de infracción da normativa de prevención de riscos laborais, vinculará a orde social da xurisdicción, no que se refire á recarga, se é o caso, da prestación económica do sistema de Seguridade Social.

Subsección 2.^a Responsabilidades en materia de Seguridade Social

Artigo 43. *Responsabilidades empresariais.*

1. As sancións que se poidan impor ós distintos suxeitos responsables entenderanse sen prexuízo das demais responsabilidades esixibles ós mesmos, de acordo cos preceptos da Lei xeral da Seguridade Social e das súas disposicións de aplicación e desenvolvemento.

2. As responsabilidades entre empresas de traballo temporal e empresas usuarias en materia de Seguridade

Social rexeranse polo disposto no artigo 16.3 da Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal.

Artigo 44. *Mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social.*

1. A Secretaría de Estado da Seguridade Social, ou o correspondente órgano de goberno das comunidades autónomas, en función da súa competencia respectiva no que atinxe a imposición de sancións, e sempre que as circunstancias que concorran na infracción así o aconsellen, poderán acordar, por proposta da Inspección de Traballo e Seguridade Social, a aplicación ás mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social das medidas que a seguir se sinalan, con independencia das sancións que se poidan impor ás mesmas de conformidade co previsto no artigo 40.1.

a) A intervención temporal da entidade, en caso de infracción cualificada de grave.

b) A remoción dos seus órganos de goberno, xuntamente coa intervención temporal da entidade, ou ben o cesamento daquelas na colaboración, en caso de infracción cualificada de moi grave.

2. Se os empresarios promotores dunha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social realizasen algún acto en nome da entidade antes de a súa constitución ser autorizada polo órgano da Administración pública competente e sen que figure inscrita no correspondente rexistro, ou cando falte algunha formalidade que a prive de existencia en dereito e de personalidade nas súas relacións xurídicas con terceiros, os que de boa fe contraten con aquela mutua non terán acción contra esta, pero si contra os promotores. Neste suposto, a responsabilidade dos promotores polos ditos actos será ilimitada e solidaria. En tales casos, os empresarios promotores da mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social serán suxeitos responsables así mesmo das infraccións comprendidas na sección 3.^a do capítulo III desta lei.

Artigo 45. *Sancións ós empresarios que colaboren voluntariamente na xestión.*

Con independencia das sancións que correspondan de acordo co artigo 40.1, e sempre que as circunstancias do caso o requiriran, en beneficio da corrección de deficiencias observadas na proposta elevada ó órgano directivo responsable da vixilancia, dirección e tutela da Seguridade Social, poderanse aplicar, ademais, as seguintes sancións:

1. Suspensión temporal da autorización para colaborar por prazo de ata cinco anos.

2. Retirada definitiva da autorización para colaborar coa perda da condición de entidade colaboradora.

Subsección 3.^a Sancións accesorias ós empresarios en materia de emprego, axudas de fomento do emprego, formación ocupacional e protección por desemprego

Artigo 46. *Sancións accesorias ós empresarios.*

Sen prexuízo das sancións a que se refire o artigo 40.1, os empresarios que cometesen infraccións moi graves tipificadas nos artigos 16 e 23 desta lei en materia de emprego e de protección por desemprego:

1. Perderán automaticamente as axudas, bonificacións e, en xeral, os beneficios derivados da aplicación

dos programas de emprego, con efectos desde a data en que se cometeu a infracción.

2. Poderán ser excluídos do acceso a tales beneficios por un período máximo dun ano.

3. Nos supostos previstos nos números 3 e 4 do artigo 16, quedan obrigados, en todo caso, á devolución das cantidades obtidas indebidamente e as non aplicadas ou aplicadas incorrectamente.

Subsección 4.^a Sancións ós traballadores, solicitantes e beneficiarios en materia de emprego e de Seguridade Social

Artigo 47. Sancións ós traballadores, solicitantes e beneficiarios.

1. As infraccións sancionaranse:

a) As leves, con perda da prestación, subsidio ou pensión durante un mes.

b) As graves tipificadas no artigo 25 con perda da prestación ou pensión durante un período de tres meses, salvo as do seu número 3 nas prestacións e subsidios por desemprego en que a sanción será de extinción da prestación. As graves tipificadas no número 2 do artigo 17 e a reincidencia nas leves dos artigos 24.2 e 17.1 sancionaranse coa extinción da prestación ou subsidio por desemprego.

Así mesmo, quedará sen efecto a inscrición como desempregado, con perda dos dereitos que como demandante de emprego tivese recoñecidos, de quen incorra en infraccións en materia de emprego, formación profesional, axudas para fomento de emprego, e prestacións e subsidio por desemprego.

c) As moi graves, con perda da pensión durante un período de seis meses ou con extinción da prestación ou subsidio por desemprego.

Igualmente, poderanse excluír do dereito a percibir calquera prestación económica e, se é o caso, axuda por fomento de emprego durante un ano.

2. As sancións a que se refire este artigo enténdense sen prexuízo do reintegro das cantidades indebidamente percibidas.

3. Para efectos de reincidencia, observarase o disposto no artigo 41.1 desta lei.

4. Non obstante as sancións anteriores, no suposto de que a transgresión das obrigas afecte o cumprimento e conservación dos requisitos que dan dereito á prestación, a entidade xestora poderá suspendela cautelarmente, ata a resolución administrativa ser definitiva.

5. A imposición das sancións polas infraccións previstas nesta subsección levarase a efecto de acordo co previsto no artigo 48.5 desta lei, respectando a competencia respectiva do órgano sancionador e establecendo a cooperación necesaria para a execución da sanción imposta, cando esta corresponda á competencia doutro órgano.

CAPÍTULO VII

Disposicións comúns

Artigo 48. Atribución de competencias sancionadoras.

1. A competencia para sancionalas infraccións na orde social, no ámbito da Administración xeral do Estado, corresponde, por proposta da Inspección de Traballo e Seguridade Social, á autoridade competente a nivel provincial, ata 1.000.000 de pesetas; ó director xeral competente, ata 5.000.000 de pesetas; ó Ministro de Traballo e Asuntos Sociais, ata 10.000.000 de pesetas; e

ó Consello de Ministros, por proposta do de Traballo e Asuntos Sociais, ata 15.000.000 de pesetas.

2. No ámbito de competencias da Administración xeral do Estado, as infraccións en materia de prevención de riscos laborais serán sancionadas, por proposta da Inspección de Traballo e Seguridade Social, pola autoridade competente a nivel provincial, ata 5.000.000 de pesetas; polo director xeral competente, ata 15.000.000 de pesetas; polo ministro de Traballo e Asuntos Sociais, ata 50.000.000 de pesetas; e polo Consello de Ministros, por proposta do de Traballo e Asuntos Sociais, ata 100.000.000 de pesetas.

3. As infraccións en materia de cooperativas tipificadas na presente lei serán sancionadas, por proposta da Inspección de Traballo e Seguridade Social, polo órgano directivo de que dependa o Rexistro de Sociedades cooperativas, ata 1.000.000 de pesetas e polo Ministro de Traballo e Asuntos Sociais, ata 5.000.000 de pesetas e a descualificación.

4. A imposición das sancións por infraccións leves e graves ós traballadores, en materia de emprego, formación profesional, axuda para o fomento do emprego, Seguridade Social e protección por desemprego, corresponde á entidade xestora da Seguridade Social ou organismo público de colocación competente; a das moi graves á autoridade competente, por proposta da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Cando a sanción imposta consista na perda temporal ou definitiva da prestación por desemprego, a autoridade competente que impuxese a sanción dará traslado á entidade xestora da dita prestación para os efectos procedentes para a súa aplicación.

5. O exercicio da potestade sancionadora respecto das infraccións da orde social, cando corresponda á Administración das comunidades autónomas con competencia en materia de execución da lexislación da orde social, será exercida polos órganos e cos límites de distribución que determine cada comunidade autónoma.

6. A atribución de competencias a que se refiren os números anteriores non afecta o exercicio da potestade sancionadora que poida corresponder a outras administracións por razón das competencias que teñan atribuídas.

7. Nos supostos de acumulación de infraccións correspondentes á mesma materia nun só procedemento, será órgano competente para impo-la sanción pola totalidade das ditas infraccións, o que o sexa para impo-la de maior contía, de conformidade coa atribución de competencias sancionadoras efectuada nos números anteriores.

8. A potestade para acorda-las sancións accesorias establecidas nesta lei corresponderá a quen a teña para impo-las de carácter principal das que deriven aquelas.

Artigo 49. Actuacións de advertencia e recomendación.

Non obstante o disposto no artigo anterior, a Inspección de Traballo e Seguridade Social, de conformidade co previsto nos artigos 17.2 do Convenio 81 da OIT e 22.2 do Convenio 129 da OIT, ratificados polo Estado español por instrumentos do 14 de xaneiro de 1960 e 11 de marzo de 1971, respectivamente, cando as circunstancias do caso así o aconsellen e sempre que non se deriven danos nin prexuízos directos para os traballadores, poderá advertir e aconsellar, en vez de iniciar un procedemento sancionador; nestes supostos dará conta das súas actuacións á autoridade laboral competente.

Artigo 50. Infraccións por obstrucción ó labor inspector.

1. As infraccións por obstrucción ó labor inspector cualifícanse como leves, graves e moi graves, en atención

á natureza do deber de colaboración infrinxido e da entidade e consecuencias da acción ou omisión obstructora sobre a actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social, conforme se describe nos números seguintes.

2. As accións ou omisións que perturben, atrasen ou impidan o exercicio das funcións que, no tocante á vixilancia do cumprimento das disposicións legais, regulamentarias e convenios colectivos teñen encomendadas os inspectores de Traballo e Seguridade Social e os subinspectores de Emprego e Seguridade Social, serán constitutivas de obstrucción ó labor inspector que se cualificarán como graves, excepto os supostos comprendidos nos números 3 e 4 deste artigo.

3. Son infraccións leves:

a) As que impliquen un mero atraso no cumprimento das obrigas de información, comunicación ou comparecencia, salvo que as ditas obrigas sexan requiridas no curso dunha visita de inspección e estean referidas a documentos ou información que deban estar ou facilitarse no centro de traballo.

b) A falta do Libro de Visitas da Inspección de Traballo e Seguridade Social no centro de traballo.

4. Cualificaranse como infraccións moi graves:

a) As accións ou omisións do empresario, dos seus representantes ou das persoas do seu ámbito organizativo, que teñan por obxecto impedi-la entrada ou permanencia no centro de traballo dos inspectores de Traballo e Seguridade Social e dos subinspectores de Emprego e Seguridade Social, así como a negativa a se identificar ou a identificar ou dar razón da súa presenza sobre as persoas que se encontren no dito centro a realizar calquera actividade.

b) Os supostos de coacción, ameaza ou violencia exercida sobre os inspectores de Traballo e Seguridade Social e os subinspectores de Emprego e Seguridade Social así como a reiteración nas conductas de obstrucción cualificadas como graves.

c) O incumprimento dos deberes de colaboración cos funcionarios do sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social nos termos establecidos no artigo 11.2 da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

5. As obstruccións á actuación inspectora serán sancionadas consonte o establecido na presente lei, pola autoridade competente en cada caso en función da orde material de actuación na que teña causa ou da que derive a obstrucción.

6. Sen prexuízo do anterior, en caso necesario a Inspección de Traballo e Seguridade Social poderá requirir da autoridade competente ou dos seus axentes o auxilio oportuno para o normal exercicio das súas funcións.

CAPÍTULO VIII

Procedemento sancionador

Artigo 51. *Normativa aplicable.*

1. Corresponde ó Goberno dicta-lo regulamento de procedemento especial para a imposición de sancións da orde social.

2. O procedemento sancionador, común a todas as administracións públicas, axustarase ó previsto na presente lei e na disposición adicional cuarta da Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social, sendo de aplicación subsidiaria as disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, que regula o réxime xurídico das administracións públicas e o procedemento administrativo común.

Artigo 52. *Principios de tramitación.*

1. O procedemento axustarase ós seguintes trámites:

a) Iniciarase, sempre de oficio, por acta da Inspección de Traballo e Seguridade Social, en virtude de actuacións practicadas de oficio, por propia iniciativa ou mediante denuncia, ou por instancia de persoa interesada.

b) A acta será notificada pola citada Inspección ó suxeito ou suxeitos responsables, que disporán dun prazo de quince días para formularen as alegacións que coiden pertinentes en defensa do seu dereito, perante o órgano competente para dictar resolución.

c) Transcorrido o indicado prazo e logo das dilixencias necesarias, se se tivesen formulado alegacións darase nova audiencia ó interesado polo termo de oito días, sempre que das dilixencias practicadas se desprenda a existencia de feitos distintos ós incorporados na acta.

d) Á vista do actuado, o órgano competente dictará a resolución correspondente.

2. O procedemento para a imposición de sancións por infraccións leves e graves, a que se refire o artigo 48.5 desta lei, será iniciado de oficio pola correspondente entidade ou por comunicación á mesma da Inspección de Traballo e Seguridade Social; a entidade ou o órgano correspondente da comunidade autónoma notificarán os cargos ó interesado, dándolle audiencia, todo isto con suxeición ó procedemento que regulamentariamente se estableza.

Artigo 53. *Contido das actas e dos documentos iniciadores do expediente.*

1. As actas de infracción da Inspección de Traballo e Seguridade Social, conterán:

a) Os feitos constatados polo inspector de Traballo e Seguridade Social ou subinspector de Emprego e Seguridade Social actuante, que motivaron a acta, destacando os relevantes para efectos da determinación e tipificación da infracción e da graduación da sanción.

b) A infracción que se impute, con expresión do precepto vulnerado.

c) A cualificación da infracción, se é o caso a graduación da sanción, a proposta de sanción e a súa cuantificación.

d) Nos supostos en que exista posible responsable solidario, farase constar tal circunstancia, a fundamentación xurídica da dita responsabilidade e os mesmos datos esixidos para o responsable principal.

2. Os feitos constatados polos referidos funcionarios da Inspección de Traballo e Seguridade Social que se formalicen nas actas de infracción observando os requisitos establecidos no número anterior, terán prexunción de certeza, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos e intereses poidan achega-los interesados.

O mesmo valor probatorio atribúese ós feitos sinalados en informes emitidos pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, nos supostos concretos a que se refire a Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social, consecuentes a comprobacións efectuadas por ela, sen prexuízo da súa contradicción polos interesados na forma que determinen as normas de procedemento aplicables.

3. As actas de liquidación de cotas da Seguridade Social e as actas de infracción na dita materia, cando se refiran ós mesmos feitos, serán practicadas simultaneamente pola Inspección de Traballo e Seguridade Social e tramitaranse conforme o procedemento establecido na correspondente normativa.

4. Nos documentos de inicio de expedientes sancionadores polas entidades xestoras ou servicios correspondentes das comunidades autónomas, comunicarán-selles ós interesados os feitos ou omisións que se lles imputen, a infracción presuntamente cometida, a súa cualificación e a sanción proposta, con expresión do prazo para poderen formular alegacións.

Artigo 54. *Recursos.*

Contra as resolucións dictadas nos procedementos sancionadores poderanse interpo-los recursos administrativos e xurisdiccionais que legalmente procedan.

Disposición adicional primeira. *Actualización do importe das sancións.*

A contía das sancións establecidas no artigo 40 da presente lei poderá ser actualizada periodicamente polo Goberno, por proposta do Ministro de Traballo e Asuntos Sociais, tendo en conta a variación dos índices de prezos de consumo.

Disposición adicional segunda. *Corpo superior de inspectores de Traballo e Seguridade Social.*

A disposición adicional terceira da Lei 8/1988, do 7 de abril, na súa redacción vixente, quedará derogada en cada territorio autonómico cando se logre o respectivo acordo con cada Comunidade Autónoma a que se refire o artigo 17 da Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social, de conformidade co previsto no número dous da súa disposición derogatoria.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó previsto na presente lei.
2. Quedan expresamente derogadas as seguintes disposicións:

a) Lei 8/1988, do 7 de abril, sobre infraccións e sancións na orde social, sen prexuízo do disposto na disposición adicional segunda da presente lei.

b) Da Lei do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, o título IV, artigos 93 a 97.

c) Da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, os números 2, 4 e 5 do artigo 42, e os artigos 45 a 52.

d) Da Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal, o capítulo V, artigos 18 a 21.

e) Da Lei 10/1997, do 24 de abril, sobre dereitos de información e consulta dos traballadores nas empresas e grupos de dimensión comunitaria, o capítulo I do título III, artigos 30 a 34.

f) Da Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas, os artigos 114 e 115.

g) Da Lei 45/1999, do 29 de novembro, sobre o desprazamento de traballadores no marco da prestación de servicios transnacionais, os artigos 10 a 13.

3. As referencias contidas na normativa vixente ás disposicións e preceptos que se derogan expresamente no número anterior deberán entenderse efectuadas á presente lei e ós preceptos desta que regulan a mesma materia.

Disposición derradeira única. *Carácter desta lei.*

A presente lei, así como as súas normas regulamentarias de desenvolvemento, constitúen lexislación dictada ó abeiro do artigo 149.1.2.^a, 7.^a, 17.^a e 18.^a da Constitución española.

XEFATURA DO ESTADO

15421 *REAL DECRETO LEI 8/2000, do 4 de agosto, de adopción de medidas de carácter urgente para paliar los efectos producidos pola seca e outras adversidades climáticas.* («BOE» 194, do 14-8-2000.)

A evolución climática do actual ano agrícola caracterizouse por unha acusada falta de precipitacións durante o primeiro trimestre, unida a inusuais temperaturas altas no mes de febreiro, o que produciu unha situación de seca en gran parte do territorio nacional, que afectou tanto as actividades productivas agrarias de secaño, como as de regadío, debido, neste caso, ó importante déficit no volume de auga encorada.

Sen embargo, as abundantes precipitacións que se viñeron sucedendo durante a primavera provocaron un cambio ostensible no desenvolvemento dos cultivos e dos pastos, mellorando notablemente as perspectivas productivas agrarias con carácter xeral.

Non obstante o anterior, as condicións climáticas do primeiro trimestre produciron danos irreversibles, con carácter localizado, nalgunhas comunidades autónomas, e a situación de seca persiste no territorio das comunidades autónomas das Illes Balears e Rexión de Murcia, que non se viron favorecidas polas precipitacións indicadas e nas que unen os seus efectos a seca padecida no ano 1999 e a do presente ano, o que agrava considerablemente o grao de afectación e a incidencia negativa na economía agraria e do medio rural destes territorios.

Así mesmo, producíronse fenómenos meteorolóxicos adversos de diversa natureza, en determinadas zonas, que produciron importantes danos na agricultura e, mesmo, nas infraestruturas rurais. Este é o caso, entre outros, das chuvias torrenciais acaecidas o día 10 de xuño no territorio da Comunidade Autónoma de Cataluña.

Consecuentemente, faise necesario arbitrar medidas paliativas adecuadas, en consonancia coa natureza e incidencia dos danos producidos nas actividades agrarias dos territorios afectados e nas rendas dos agricultores e gandeiros, dentro do necesario marco de cooperación entre a Administración xeral do Estado e as correspondentes administracións autonómicas, e respectando o principio de fomento e extensión dos seguros agrarios.

O limiar de perdas de produción bruta para acceder ós beneficios regulados nesta disposición, que se fixa, con carácter xeral, no 50 por 100 respecto á correspondente a un ano normal, recolle, non obstante, dúas situacións singulares. Unha é a establecida para o cultivo da amendoeira nos danos ocasionados pola seca, fixándose, neste caso, en concordancia co xa regulado para este cultivo leñoso, no Real decreto lei 20/1999, do 3 de decembro, polo que se adoptan novas medidas para paliar los efectos da seca nalgúns cultivos leñosos. Outra situación de excepción é a correspondente ós danos ocasionados polas chuvias continuas no cultivo do amorodo en áreas concretas das provincias de Huelva, Cádiz e Sevilla, que serán obxecto de delimitación, en